

EUROPEAN SOLAR DAYS 2010 EN SOTAVENTO

EUROPEAN SOLAR DAYS 2010 – Programa para alumnos/as de PRIMARIA

10:30 Recepción e presentación de actividades.

10:45 Visitas guiadas en grupos por instalacións solares:

- Enerxía Solar Fotovoltaica: paseo por instalacións reais e introdución ao principio de funcionamento.
- Enerxía Solar Térmica: mostra de diferentes tipos con instalacións reais.
- Outras Enerxías Renovables con orixe solar: biomasa, eólica, etc.
- Vivenda bioclimática demostrativa: Posibilidades de aproveitamento solar nunha vivenda real.

12:00 Exposición “Xoguetes y Maquetas Solares”.

12:30 Talleres de Inxenios Solares: Construción de Reloxos Solares.

14:00 Comida.

15:00 Elaboración e degustación de chocolate solar preparado en cociña solar parabólica con leite ecolóxica.

15:30 Avaliación final da xornada, entrega de documentación e despedida.

EUROPEAN SOLAR DAYS 2010 – Programa para alumnos/as de SECUNDARIA

10:30 Recepción e presentación de actividades.

10:45 Visitas guiadas en grupos por instalacións solares:

- Enerxía Solar Fotovoltaica: Efecto fotovoltaico, mostra en instalación real de diferentes tecnoloxías e presentación de proxecto comparativo de seguidores solares con datos en tempo real.
- Enerxía Solar Térmica: Mostra de solar térmica plana, tubos de baleiro e termodinámica.
- Vivenda bioclimática demostrativa: Posibilidades de aproveitamento de forma activa e pasiva do sol nunha vivenda real con instalacións de outras fontes de enerxías renovables con orixe solar: minieólica, biomasa, etc.

11:45 Exposición “Xoguetes e Maquetas Solares”

12:00 Talleres de Inxenios Solares: Construción de Cociñas Solares.

13:00 Elaboración e degustación de chocolate solar preparado en cociña solar parabólica con leite ecolóxica.

13:30 Avaliación final da xornada, entrega de documentación e despedida.

EUROPEAN SOLAR DAYS 2010 – Xornadas de Portas Abertas (Para público en xeral)

Durante toda a fin de semana, en horario de 11-14 h e 16-18 h realizaranse visitas guiadas de 1 h de duración ás instalacións solares do Parque Eólico Experimental Sotavento. Centrarémonos principalmente no proxecto innovador e de investigación da vivenda bioclimática demostrativa, onde se poderán ver unha gran variedade de sistemas de aproveitamento solar nunha edificación real e con capacidade de extrapolación de datos a outras edificacións. Veremos:

- Aproveitamento solar pasivo: importancia da orientación, colocación de fiestras, parasoles e galerías, funcionamento domuro Trombe en verán e inverno, etc.
- Aproveitamento solar activo: Producción de ACS e calefacción mediante instalación solar térmica e chan radiante, instalación solar fotovoltaica con comparativa de distintas orientacións (Sur, Leste e Oeste), etc.
- Instalacións de outro tipo de enerxías renovables con orixe solar: caldeira de biomasa, minieólica, etc.